

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN EN 1993-1994

Durante o ano 1993, a Asociación sufriu un certo «impasse» debido sobre todo a que o Museo estivo en obras de ampliación e reforma, que afectaron a tódalas súas instalacións e que obligaron a pechalo durante case un ano completo.

Aínda así, e coa axuda, fundamentalmente, da Fundación Barrié de la Maza máis las cuotas dos socios, realizarónse as seguintes actividades:

- Viaxe cultural ó conxunto arqueolóxico, histórico e museístico de Mérida, visitando asimesmo Salamanca, Plasencia, Cáceres, Zamora e S.Pedro de la Nave. (Noutro lugar deste Boletín coméntase esta viaxe).
- Publicación do Boletín informativo da Asociación, «*Croa*», nº2-3, que se distribuiu entre os socios e outras entidades coas que se mantén intercambio.
- Colaboración coa Federación Española de Amigos de los Museos, con contactos e intercambios frecuentes de información, boletíns, xestións en prol do Patrimonio Cultural, etc.
- Adquisición para a Biblioteca do Museo dunha edición facsimilar dos Arquivos do

Seminario de Estudos Galegos (1923-1929).

No ano 1994, xa aberto de novo o Museo desde o 5 de marzo, con novas e más espaciosas e cómodas instalacións, a Asociación tentou relanza-las súas actividades, dirixidas sobre todo á promoción cultural dos seus socios e á protección e difusión do Castro de Viladonga e o seu Museo, e do Patrimonio cultural galego en xeral.

Coa axuda novamente das cuotas dos socios e das subvencións da Fundación Barrié de la Maza e do Concello de Castro de Rei, poidéronse face-las seguintes actuacións:

- Viaxe cultural ás terras de Sobrado dos Monxes (e campamento romano de Cidadela) e de Melide (castro da Graña, capela de Toques, Museo de Melide, etc.)
- Edición de material de difusión e promoción cultural, como adhesivos e marcadores de libros. Están encargadas unha serie de reproduccións e réplicas de pezas do Museo (cerámica castrexa e «pins» en forma de aplique figurado e de puñal de antenas), que serán vendidas en exclusiva no propio Museo.

- Colaboración co Museo na preparación dos novos Programas de Acción Didáctica (de Ensino Primario e Secundario), e na remodelación e renovación dos paneis informativos das Salas.

- Por medio dun Convenio asinado coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, colaborouse na campaña de limpeza e consolidación do Castro, realizada no mes de Setembro na forma acostumada e baixo as directrices do persoal técnico do Museo.

- Continúase a colaboración coa Federación Española, que remite os seus boletíns, nalgúns dos cales se inclúen informacións deste Asociación e do propio Museo do Castro de Viladonga.

Coa ampliación continua do número de asociados (dos que se espera a maior colaboración), e se se manteñen as subvencións polo menos como ata agora, e coas facilidades de actuación que nos permiten as instalacións do Museo e os seus responsables, esperamos mellorar no futuro, cuantitativa e cualitativamente, o labor desenvolvido por esta Asociación.